



Axudas natalidade 2023

Por Resolución da alcaldía do día 21 de setembro de 2023 tomouse o acordo de aprobar as bases da Convocatoria de axudas de apoio a natalidade do ano 2023.

ASUNTO: Aprobación das bases da Convocatoria de Axudas de apoio a natalidade do ano 2023

Expte.: 2023/A002/000006

Expte: 2023/G003/000403

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as Bases reguladoras das axudas en apoio a natalidade do ano 2023, que se achegan como anexo a este decreto.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 de la Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de axudas a natalidade do ano 2023, que se unen como Anexo.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O manda e o asina a súa señoría o alcalde, e ordear darlle traslado o departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

ANEXO

Convocatoria de subvencións en apoio á natalidade 2023.

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, cuxo texto completo se pode consultar na Bae de Datos Nacional de Subvencións.

Visto ao artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións, directamente aplicable ás entidades locais e en base ó cal se establece o réxime xurídico das convocatorias de subvencións.

1.-Referencia das bases reguladoras.



Vistas as Bases Reguladoras das subvencións en apoio da natalidade do Concello de Vilasantar aprobadas definitivamente en sesión plenaria de carácter ordinario, de data 15 de outubro de 2019, ó non presentarse ningunha reclamación tras a publicación das referidas bases no BOP A Coruña, con data 19 de agosto de 2019.

2.–Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención.

Visto que a concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 231.480 por un importe total de ata 3.000 € (tres mil euros).

Visto que as axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo nacido, acollido ou adoptado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso.

Visto que no caso de nacementos, acollementos ou adopcións de fillos con algunha discapacidade e teñan coñecido un grao igual ou superior ó 33% a contía da axuda poderá chegar a 1.000 euros.

Visto que consta no expediente informe de intervención fiscalizando a fase de autorización do gasto en sentido favorable, determinando que existe crédito adecuado e suficiente na partida 231.480 do orzamento prorrogado do exercicio 2022.

3.–Obxecto, condicións e finalidade da subvención.

Visto que o obxecto da presente convocatoria é o establecemento de medidas económicas de apoio ás unidades familiares do Concello de Vilasantar e o favorecemento de estratexias de fixación de poboación no referido municipio, evitando así o despoboamento do rural.

4.–Referencia ó réxime de concurrencia competitiva.

Visto que a presente convocatoria se efectúa baixo o réxime de concurrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das subvencións aquelas solicitudes que sexan presentadas no Rexistro do Concello de Vilasantar ata que se esgoten os fondos asignados.

5.–Requisitos, forma e prazo de presentación.

Visto que son requisitos dos beneficiarios para a obtención da subvención os seguintes: Serán beneficiarios desta liña de subvención aquelas persoas empadroadas no Concello de Vilasantar que se convirten en pais e/ou nais a través do nacemento, adopción ou acollemento dun/dunha fillo/a sempre que cumpran os seguintes requisitos:

Cando menos un dos proxenitores deberá atoparse empadroado, e polo tanto residir, no Concello de Vilasantar cunha antelación mínima de seis meses á data do parto ou acto de adopción ou acollemento.

Os/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as deberán ser inscritos no padrón de habitantes do Concello de Vilasantar.



Os proxenitores, ou polo menos un deles, deberanse comprometer a permanecer empadroados no Concello de Vilasantar, do mesmo xeito que o seu fillo/a, durante un período mínimo de un ano tras o nacemento deste. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando os informes que procedan.

As solicitudes das axudas reguladas nestas bases, cubertas segundo o modelo normalizado habilitado para tal fin (anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilasantar, acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do libro de familia e do DNI do solicitante.
- Copia do auto xudicial de adopción de selo caso.
- Compromiso de seguir empadroados no Concello de Vilasantar por un período mínimo de un ano.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- Certificación dos datos bancarios para ingresar o importe da axuda, de selo caso.
- Autorización para a consulta dos datos persoais do padrón de habitantes do Concello aos efectos da comprobación do efectivo empadramento das persoas solicitantes.

O prazo de presentación de solicitudes será de doce meses dende o día seguinte ao que se produciu o nacemento ou acto de adopción ou acollemento e rematará o 31 de decembro do presente ano.

6.–Referencia do órgano competente.

O órgano competente para a instrución do procedemento de subvención regulado nas bases que rexen a presente convocatoria é o departamento de servizos sociais do Concello de Vilasantar.

O órgano competente para ditar a resolución é o alcalde ou o órgano en quen delegue.

7.–Referencia ó prazo de de resolución e notificación.

O prazo de resolución e notificación rematará ós tres meses a contar dende o último día de presentación de solicitudes.

8.–Referencia ó fin da vía administrativa.

Dita resolución pon fin á vía administrativa.

9.–Criterios de valoración.

O único criterio de valoración será a data de presentación da solicitude de axuda no Rexistro do Concello de Vilasantar, tendo preferencia aquelas solicitudes presentadas nun momento anterior ó esgotamento da partida orzamentaria.



10.–Referencia ó medio de notificación.

O medio de notificación dos actos de instrución e resolución ligados a esta convocatoria serán os propios recollidos na Lei 39/2015.

11.–Referencia á normativa aplicable.

Visto que a restante normativa aplicable ás subvencións que outorgue o Concello de Vilasantar é: LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa básica de desenvolvemento.

Lei de subvencións de Galicia na súa normativa de desenvolvemento.

Artigos non básicos da LXS e a normativa básica de desenvolvemento.

Lexislación de réxime local, estatal e autonómico.

Bases de execución do orzamento.

Contra esta convocatoria poderá interpoñerse, no prazo de 1 mes, un recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de 2 meses un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOP.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Concello de Vilasantar, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven. A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal aplicables. Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía



poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o seu consentimento”

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O manda e o asina a súa señoría o alcalde, e ordea darlle traslado o departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

Vilasantar, 22 de setembro de 2023

O alcalde

Fernando Pérez Fernández

ANEXO I

AXUDAS PARA O APOIO A NATALIDADE

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE:

Dni nº:

Enderezo:

Teléfono:



DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA (se é o caso):

Nome e apelidos:

DNI nº:

DATOS DO FILLO/A:

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

DATOS BANCARIOS:

Caixa ou Banco:

Sucursal:

IBAN (con todos os díxitos):

Titular:

DNÇI:

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa:

Vilasantar, ____ de _____ de 2023

Alcalde/presidente do Concello de Vilasantar

COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO

Don/a _____ con DNI _____, e domicilio en _____,

COMPROMÉTOME:

- A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo/a e o/a meu cónxuxe ou parella, no Concello de Vilasantar por un período mínimo dun ano.
- Á devolución desta axuda por si se incumprira algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

Vilasantar, _____ de _____ de 2023.

Asdo. _____